

CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O VISO



ALBERGUE O CAMIPIÑO

Imaxina conectar contigo e coa terra. Imaxina mergullarte no rural galego. Imaxina descansar nunha casa reitoral do S.XVII. Imaxina e vén ó Albergue do CDR O Viso en Lodoselo (A Limia, Ourense).

Recibirémoste nunhas instalacións confortables e coa maxia dun lugar cheo de historias. Temos para ti, para vós, un espazo comfortable aberto todo o ano para os grupos de persoas que queiran coñecer e participar do proxecto do CDR ou simplemente hospedarse para botar a andar as súas propias actividades.

Cunha capacidade máxima de corenta persoas e completamente libre de barreiras, o espazo, que fica aberto a calquera proposta que nos chegue, está especialmente pensado para movementos infantís e xuvenís, grupos de formación e tempo libre, movemento asociativo, clubs deportivos, centros educativos, familias, grupos de maiores, grupos de amigos e amigas, etc. Aloxarse no Albergue O Campiño significa poder usar libremente as habitacións, os aseos, o comedor, a sala de usos múltiples, a biblioteca, o patio, etc. Tamén se ofrece servizo de cociña se os grupos o requiren e ponse a disposición destes o equipo educativo do CDR O Viso para as actividades ou obradoiros que se queiran levar a cabo.



CREA A TÚA PROPIA EXPERIENCIA

Bótalle un ollo a este documento e contáctanos. Farésmoche ou farémosvos unha proposta individualizada segundo as vosas preferencias.

Escolle o tipo de aloxamento que necesitates, as actividades ou obradoiros que queredes realizar e farémosvos un plan a medida. O diñeiro non póde ser un impedimento.

VEN!

TARIFAS XERAIS DE REFERENCIA

- Estancia no albergue (15- 40 persoas)..... 15€/persoa/día
- Estancia no albergue (-15 persoas)..... 200€/grupo
- Xantar ou Cea..... 9€/persoa
- Almorzo..... 3€/persoa
- Pensión Completa (sen actividades)..... 35€/pers./día
- Fin de semana Pensión Completa..... 85€/persoa
(inclúe presentación CDR + 1 actividade)
- Aluguer Albergue (-15 persoas)..... 290€/grupo
(fin de semana, sen actividades)

PRESENTACIÓN PROXECTO CDR

Explicación da xénese, evolución e estado do proxecto e visita guiada ás súas instalacións. Aprox. 1h30´ 75€/grupo



OBRADOIROS

NOME	DESCRIPCIÓN	CUSTO
FORNADA TRADICIONAL	Elaboración do pan de forma tradicional no forno comunitario de Lodoselo. Unha actividade para gozar cos cinco sentidos, aprendendo as fases da elaboración deste produto e algún segredo máis. <i>"Trigo centeoso, pan proveitoso"</i>	130€ Mínimo 15 pers.
CESTERÍA médula, vimbio, etc.	Descubrimento das técnicas de entrelazado de fibras vexetais para ser quen de facer cestas e outros artigos emulando a arte da cestería que se realizou durante séculos ó lume da lareira. <i>"Feito un cesto, feito centos...se lle dan lugar e tempo"</i>	15-20 pers.: 110€ +20 pers.: 145€
TRABALLO MANUAL CO COIRO	Iniciación ao oficio artesán do traballo co coiro para conseguir elaborar artigos como chaveiros, pulseiras, afeites... e introdución ó proceso do tratamento de peles. <i>"Outubro viñateiro, pai de bo coiro"</i>	15-20 pers.: 110€ +20 pers.: 145€
PINTADO DE CAMISETAS	Decoración de camisetas de algodón ou fibra natural con pintura para téxtil mediante sinxelas técnicas de estampado e introdución. Fomento da reutilización e personalización da roupa. <i>"Na pintura non está a figura"</i>	15-20 pers.: 90€ +20 pers.: 120€
MODELADO EN BARRO	Familiarización coas elaboracións artesanais a través do barro e exploración das funcionalidades, características e potencial deste elemento presente na natureza. <i>"Barro e cal, tapan o mal"</i>	90€ Mínimo 15 pers.
APICULTURA E ELABORACIÓN DE CANDEAS	Coñecemento do proceso de obtención da cera e do mel das abellas e elaboración de candeas a partir de láminas de de cera virxe 100% natural. En función da época, posibilidade de visitar o colmeiar. <i>"Año de abellas, ano de ovellas"</i>	15-20 pers.: 50€ +20 pers.: 65€
INICIACIÓN Ó TAPIZ NO TEAR	Preparación do tear coa urda e elaboración da trama básica para comezar o proceso de creación de deseños propios. Presentación dos útiles e ferramentas relacionados co tear. <i>"Urdir e tecer poucas veces pode ser"</i>	15-20 pers.: 80€ +20 pers.: 100€
FIADREIRO lá e liño	Preparación do tear coa urda e elaboración da trama básica para comezar o proceso de creación de deseños propios. Presentación dos útiles e ferramentas relacionados co tear. <i>"Liño e lá, queren ventá"</i>	130€ Mínimo 15 pers.
PAPEL RECICLADO	Coñecemento dos beneficios ambientais da reutilización e a reciclaxe de papel e elaboración de follas de papel a partir de material xa usado. <i>"O papel trema do que lle poñen"</i>	75€

MÁIS ACTIVIDADES

NOME DESCRICIÓN

ORNITOLOXÍA	Observación de aves nunha comarca cunha senlleira riqueza ornitolóxica. Dependendo da época do ano poderanse ver diferentes especies. A poboación de ceceñas ten medrado moito.
ANTIGA FORXA	Visita a antiga forxa onde o ferreiro apuntaba as rellas, reparaba ferramentas e batía na zafra para calquera encargo.
RUTAS DE INTERPRETACIÓN	Coñece a Limia, o seu patrimonio, a súa cultura, as súas costumes e a súa natureza a través dos roteiros guiados.
EXPLOTACIÓN LEITEIRA	Aprende como funciona unha granxa de leite moderna. Poderás ver ós animais e os distintos procesos de alimentación e produción.
AULA DA NATUREZA	Mergúllate na educación ambiental sobre, no e para o medio. Recoñecemento de especies, estratificación, sementeira, etc.
COIDADOS DO BURRO FARIÑEIRO	Se atendes como é debido ó Fariñeiro e á súa familia, levarate de paseo pola aldea no seu fermoso carro. El quere cariño e cepillo.
CASAS DA MEMORIA	Conecta co pasado da aldea e das súas xentes neste espazo para a mostra da súa historia e a súa arquitectura tradicional.
XARDÍN SENSITIVO	Estimúlate no xardín dos sentidos no que vista, olfacto, gusto, oído e tacto gozarán do seu recreo.
RASTREXO POR LODOSELO	Xoga pola aldea coas pistas escondidas nela para saber máis da súa historia, a cultura e a humanidade da súa xente.
XOGOS POPULARES TRADICIONAIS E DO MUNDO	Descubre o valor canalizador e xestor de emocións que posúe o xogo e fai un percorrido lúdico por diferentes territorios do mundo. (Tamén se alugan os xogos por 2h: 50€ ou 150€ c/educadora)
ESCOLA DE LABREG@S: labranza e pastoreo	Podes acompañar ás persoas que traballan ou son voluntarias no CDR no seu quefacer cotián para aprender a custodiar o territorio, o patrimonio e a facenda: atendendo a terra nos traballos que correspondan (estercar, arar con burro, sementar, cavar, recoller, etc.); coidando os animais de corral; pastoreando ovellas e burros con cans; rozando e acondicionando espazos; compartindo tempos, espazos e saberes coas persoas maiores, as "catedráticas" da escola.



UNHA ALTERNATIVA SEGURA

Vir ao rural é hoxe unha actividade responsable que recomendamos decididamente. Un lugar onde o tempo vai amodo, onde as cousas pasan de vagar e onde hai conexión permanente coa natureza. É unha riqueza que cobra máis valor nun tempo de crise sanitaria coma o actual. O CDR garante unhas óptimas medidas e recomendacións de prevención, hixiene e desinfección.





TRANSPARENCIA

Os ingresos obtidos, destínanse a fortalecer os programas sociais xa en funcionamento como a vivenda comunitaria; o comedor social; o apoio a familias en situacións desfavorecidas; campañas de información, prevención e sensibilización, etc.

RESERVAS E MÁIS INFORMACIÓN



988 461 571



cixdalimia@cdroviso.org



[@cixdalimia_cdr](https://www.instagram.com/cixdalimia_cdr)



[oviso.cdr](https://www.facebook.com/oviso.cdr)



www.cdroviso.org

